

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión extraordinaria e urxente do 11 de outubro de 2013

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a M^a Carmen Silva Rego
D. Carlos López Font
D^a M^a Jesús Lago Rey
D^a. Raquel Díaz Vázquez
D. Angel Rivas González
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

NON ASISTEN:

D. Cayetano Rodríguez Escudero
D^a. M^a Isaura Abelairas Rodríguez
D. José Manuel Fernández Pérez

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e dez minutos do día once de outubro de dous mil trece e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Lago Rey, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, e o interventor xeral, Sr. García Alvarez.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(1128).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

2(1129).- PROPOSTA PARA DESIGNAR AO CONCELLEIRO DELEGADO DA ÁREA DE FOMENTO PARA A SUBSCRICIÓN DE DOCUMENTO PRESENTADOS POR ADIF EN RELACIÓN CO ACONDICIONAMENTO ENTRE O KM 6/638 E 6/964 DA LIÑA DE REDONDELA A VIGO-GUIXAR. EXPTE. 69806/440.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe do servizo de Vías e Obras de data 08-10-2013, conformado polo concelleiro da área de Fomento, que di o seguinte:

“Con data 30 de xullo de 2012, o concelleiro delegado de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, dirixe escrito á Xerencia de Mantemento de Infraestruturas de ADIF en Ourense, mediante o que solicita o acondicionamento do camiño de servidume propiedade de ADIF na marxe dereita da liña de FF.CC, Agulla do PK 171/000 – Vigo Guixar, remitindo ortofotos e cartografía do ámbito mencionado .

Con data 18 de setembro de 2013, a xefatura da Área de Mantemento de Ourense de ADIF, remite a este Concello “diligencia de notificación da resolución da Entidade Pública Empresarial, Administrador de Infraestruturas Ferroviarias (ADIF), pola que se procede ao

outorgamento da autorización solicitada polo Concello de Vigo, para realizar o acondicionamento do camiño extendendo e compactando capa de zahorra, entre os Km 6/638 e 6/964 da liña de Redondela Vigo Guixar”.

Na dita notificación infórmase que, para facer entrega efectiva da autorización outorgada requírese, con carácter previo e obrigatorio, os seguintes trámites:

a) Pagar os gastos relativos ao estudo, tramitación e seguimento da autorización cuxo importe ascende a 1.465,79 € (IVE incluído).

b) Subscribir o preceptivo documento de autorización / concesión demanial, segundo corresponda, o cal habilita para utilizar, lícitamente, o dominio público ferroviario.

Non é necesario o depósito de fianzas polas características das obras solicitadas.

Deberá así mesmo, acreditarse a recepción da notificación citada no segundo parágrafo, para o que se precisa, no caso de persoas xurídicas, o nome da persoa que actúe en representación das mesmas e subscribir o preceptivo documento de autorización / concesión demanial segundo corresponda, que habilitará a utilización do dominio público ferroviario solicitado.

O importe de 1.465,79 € IVE incluído en concepto de estudo, tramitación e seguimento da autorización das obras foi aboado a ADIF mediante transferencia de data 10 de xuño de 2013, pola que ADIF emitiu factura nº 1301033264.

A delegación de competencias do Alcalde, de data 7 de febreiro 2013, publicada no Boletín Oficial de Pontevedra o día 6 de marzo de 2013, faculta ao concelleiro delegado da Área de Fomento, David Regades Fernández, para subscribir a notificación da recepción da notificación remitida por ADIF, anteriormente comentada. Sen embargo, é necesario a súa designación e facultarlle para subscribir a concesión / autorización segundo proceda, a criterio de ADIF, dos terreos que obrigará ao Concello de Vigo o seu mantemento durante o período que dure a concesión.

Polo exposto, sométese á consideración da Xunta de Goberno local a seguinte proposta:

1º Designar a D. David Regades Fernández, con D.N.I. 36.077.372-D, concelleiro delegado da Área de Fomento do Concello de Vigo, para que no seu nome e representación, subscriba os documentos presentados por ADIF, para o outorgamento da autorización / concesión para o acondicionamento do camiño, extendendo e compactando capa de zahorra, entre os Km 6/638 e 6/964 da liña de Redondela a Vigo Guixar.

2º Dar traslado do presente acordo á Delegación de Patrimonio e Urbanismo de Asturias e Galicia de ADIF, así como á xefatura da Área de Mantemento de Ourense de ADIF.”

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

3(1130).- PROXECTO MODIFICADO Nº 1 DA OBRA “REPOSICIÓN DAS REDES DE ABASTECIMENTO DA RÚA CAMELIAS. FASE 1 (RÚA A. CUNQUEIRO-RÚA OURENSE).

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta do 04-10-13, do xefe da área de Fomento, conformado polo concelleiro delegado de área, visto o informe de fiscalización de data 08-10-13, a Xunta de Goberno Local acorda:

Aprobar o proxecto “MODIFICADO Nº 1 DA OBRA “REPOSICIÓN DAS REDES DE ABASTECIMENTO DA RÚA CAMELIAS. FASE 1 (ÁLVARO CUNQUEIRO – OURENSE)”, redactado por Esinpro, S.L., por un importe adicional de 132.874,11 Euros e unha ampliación no prazo de execución de 3 meses.

4(1131).- PROXECTO REVISADO PARA A “EXECUCIÓN DAS OBRAS DE CONSTRUCCIÓN DUNHA ESCOLA INFANTIL EN NAVIA”. EXPTE. 2084/440.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta do 09-10-13, do xefe de área de Fomento, conformado polo concelleiro-delegado de área, visto así mesmo o informe de fiscalización da Intervención Xeral do 10-10-13, a Xunta de Goberno Local acorda:

Aprobar o proxecto revisado para a “Execución das obras de construción dunha escola infantil en Navia, redactado por Vilar Montoro Ingeniería, cun importe de execución de 717.796,61 € (setecentos dezasete mil setecentos noventa e seis euros con sesenta e un céntimos), IVE engadido e un prazo de execución de 7 meses.

5(1132).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE ÁRBOLES E PRANTA DE TEMPORADA PARA REPOSICIÓN EN RÚAS E ZONAS VERDES. EXPTE. 7109/446.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta do Servizo de Montes, Parques e Xardíns de data 07-10-13, conformado polo concelleiro delegado de área e máis pola concelleira de Economía e Facenda; visto así mesmo o informe de fiscalización do 09-10-13, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Aproba-lo prego de prescricións técnicas para o subministro de planta de temporada e árbores por procedemento negociado con publicidade redactado polo Xefe de Servizo de Montes, Parques e Xardíns con data 10/06/13

Segundo.- Aproba-lo prego de condicións administrativas particulares elaborado por Xefe da Oficina Administrativa do Departamento de Contratación con data 16/09/13 para o subministro de planta de temporada e árbores por procedemento negociado con publicidade.

Terceiro.- Autorizar o gasto para o subministro de planta de temporada e árbores con cargo a partida 1710.210.00.04 do orzamento do 2013 por importe de 59.119,98 euros (I. V. E. Incluído)

Cuarto.- Acordar a apertura do procedemento de licitación para a selección do contratista por procedemento negociado con publicidade.

6(1133).- PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE, NOMEAMENTO DA COORDINACIÓN DE SEGURIDADE E SAÚDE, DA DIRECCIÓN FACULTATIVA, DA DIRECCIÓN DE EXECUCIÓN E DA SUPERVISIÓN TÉCNICA MUNICIPAL DAS OBRAS DE REHABILITACIÓN DO ANTIGO CHALET MIRAMBEL COMO CENTRO DE RECEPCIÓN DE VISITANTES DO XACEMENTO DA VILLA ROMANA DE TORALLA. EXPTE. 7068/307.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta do 10-10-13, da xefa de Patrimonio Histórico, conformado pola concelleira-delegada de área, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Nomear a Juan Luis Piñeiro Ferradás e David Carvajal Rodríguez-Cardoso, arquitectos municipais, para desenvolver a dirección facultativa das obras de rehabilitación do antigo chalet Mirambel como Centro de recepción de visitantes do xacemento da villa romana de Toralla.

Segundo.- Nomear a Raquel López González, arquitecta técnica, para desenvolver a dirección de execución das obras de rehabilitación do antigo chalet Mirambel como Centro de recepción de visitantes do xacemento da villa romana de Toralla.

Terceiro.- Nomear a Cristina Toscano Novella, arqueóloga, como supervisora técnica municipal das obras de rehabilitación do antigo chalet Mirambel como Centro de recepción de visitantes do xacemento da villa romana de Toralla, nas materias de arqueoloxía e museografía.

Cuarto.- Nomear a Guillermo Grobas González como coordinador de seguridade e saúde para as obras de rehabilitación do antigo chalet Mirambel como Centro de recepción de visitantes do xacemento da villa romana de Toralla.

Quinto.- Aprobar o Plan de Seguridade e Saúde das obras de rehabilitación do antigo chalet Mirambel como Centro de recepción de visitantes do xacemento da villa romana de Toralla, redactado pola empresa CIVIS GLOBAL, S.L. e informado favorablemente por Guillermo Grobas González.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e quince minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

M^a Jesús Lago Rey.